

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONOMICA, A ASOCIACIÓN DE CENTROS TECNOLÓXICOS DE GALICIA E OS CENTROS INTEGRANTES DESTA ASOCIACIÓN PARA A ELABORACIÓN DO TRABALLO DE CAMPO E INFORME DE OPORTUNIDADES INDUSTRIA 4.0 PARA AS EMPRESAS GALEGAS 2020

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, D. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Conselleiro de Economía e Industria da Xunta de Galicia e Presidente da Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo e polo artigo 11 da Lei 5/1992, de 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.

E doutra parte:

- D. JUAN MANUEL VIEITES BAPTISTA DE SOUSA, en calidade de Presidente da Xunta Directiva da Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia (en adiante, ATIGA), con NIF 35.991.928X actuando en nome e representación desa entidade, en virtude do seu nomeamento, efectuado por acordo da Asemblea Constituinte da asociación en reunión celebrada o 27 de xaneiro de 2012 e facultado para a sinatura do presente documento en virtude das atribucións que figuran no artigo 25 dos estatutos de dita asociación.
- D. JUAN MANUEL VIEITES BAPTISTA DE SOUSA, en calidade de Secretario Xeral da Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixe e Mariscos - Centro Técnico Nacional de Conservación de Produtos da Pesca (en adiante, ANFACO-CECOPESCA), con NIF 35.991.928X actuando en nome e representación desa entidade
- D. JESÚS ÁNGEL LAGO GESTIDO, en calidade de Director Xerente da Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste (AIMEN), con NIF: 36.069.349J actuando en nome e representación desa entidade
- D. LUIS EULOGIO MORENO DIÉGUEZ, en calidade de Director Xeral do Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), con NIF: 36.045.996M actuando en nome e representación desa entidade
- D. LUIS PÉREZ-FREIRE, en calidade de Director Xeral do Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradiant), con NIF: 53.116.019A actuando en nome e representación desa entidade
- D. JUAN IGNACIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ-ARROYO, en calidade de Director Xeral da Fundación Centro tecnolóxico de Eficiencia e Sostenibilidade Enerxética (Energylab), con NIF: 11.947.921L actuando en nome e representación desa entidade.
- D. CARLOS CALVO OROSA, en calidade de Director Xeral do Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), con NIF: 32.788.537J actuando en nome e representación desa entidade

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que o IGAPE é a Axencia de Desenvolvemento Rexional de Galicia, e entre os seus principais obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

Neste sentido, o papel do IGAPE na mellora da competitividade e produtividade das empresas, ten varios eixos de actuación, entre os que destaca o fomento da modernización dos procesos produtivos e de xestión dos principais sectores de Galicia.

Para desenvolver este rol, a Consellería de Economía, Emprego e Industria a través do IGAPE deseñou a Axenda de Competitividade Industrial Galicia Industria 4.0. (en adiante a Axenda), aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa sesión do 13 de maio de 2015, como instrumento de deseño estratéxico que consta de cinco plans de impulso principais nos que se definen as actividades que a Xunta de Galicia desenvolverá nos anos 2015 ao 2020 para o apoio á industria.

SEGUNDO

O segundo dos 5 Plans de Impulso da Axenda (Persoas e Organizacións) inclúe, dentro do enfoque estratéxico dirixido á formación, información e difusión, unha medida prioritaria dirixida á intelixencia competitiva: a prestación de servizos de vixilancia de mercados e de oportunidades para as empresas.

Para desenvolver as diferentes liñas de actuación previstas na Axenda, o IGAPE debe contar, en todo caso, cos colaboradores que considere que poden aportar un valor excepcional á posta en marcha das accións. Con carácter xeral, a busca dos colaboradores axeitados poderase facer mediante pública convocatoria ou ben por singularidade e unicidade dalgunha institución ou organización para un determinado obxectivo.

Na acción obxecto deste convenio o obxectivo do IGAPE consiste na detección de oportunidades para as empresas en diversos sectores da economía galega, que, nunha aposta decidida por unha industria renovada e intelixente (Industria 4.0), permita definir as recomendacións de actuación máis axeitadas co fin de catalizar, dirixir e acelerar ao máximo os procesos de adopción de solucións e decisións empresariais no desenvolvemento e implementación de novos sistemas 4.0 que melloren o funcionamento das empresas e do sector no seu conxunto. A dixitalización, a interconexión de clientes e provedores, a robotización flexible, a fabricación aditiva, o desenvolvemento ou adopción de sistemas ciberfísicos, a automatización da cadea lóxística, entre outros deben ser obxecto de análise de idoneidade e avaliación no proceso de detección de oportunidades e recomendacións.

O coñecemento destas oportunidades e recomendacións permitirá ao IGAPE concentrar os seus apoios e orientar axeitadamente as futuras convocatorias de proxectos de impulso á Industria 4.0 en Galicia.

TERCEIRO

O Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 (2020) marca como obxectivo prioritario estimular o crecemento económico e social de Galicia mediante o impulso e a consolidación do seu capital científico e tecnolóxico, facilitando as relacións entre os Centros de Coñecemento e as empresas. Dentro das

medidas que contempla atopamos o Apoio ao desenvolvemento dos centros que favorezan a investigación, a innovación e a transferencia.

CUARTO

Que a Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia (ATIGA), constituída no ano 2012 ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, é unha entidade sen ánimo de lucro con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar.

Constitúe o obxecto da asociación, conforme ao sinalado no artigo 6 dos seus estatutos, favorecer a cooperación entre os seus asociados, potenciar a relación cos demais axentes do sistema de investigación, desenvolvemento e innovación, impulsar políticas adecuadas para o seu desenvolvemento e prestar servizos de alto valor engadido aos seus membros.

Segundo o artigo 9 dos citados estatutos, poderán ser membros da asociación os centros tecnolóxicos cuxa sede radique na Comunidade Autónoma de Galicia, independentemente da forma xurídica na que os mesmos se atopen constituídos, co requisito inescusable de acreditar a condición previa de estar recoñecidos e rexistrados como centro tecnolóxico conforme ao Real Decreto 2093/2008, de 19 de decembro, polo que se regulan os centros tecnolóxicos e os centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal e se creo o rexistro de tales centros. Son fins principais dos centros tecnolóxicos de ámbito estatal, conforme ao sinalado no artigo 3 do citado Decreto, contribuír á xeración de coñecemento tecnolóxico e a súa aplicación para o desenvolvemento e fortalecemento da capacidade competitiva das empresas no ámbito da tecnoloxía e a innovación.

Na actualidade son membros da asociación: ANFACO-CECOPESCA, AIMEN, CTAG, GRADIANT, ENERGYLAB e ITG (en adiante os centros ATIGA). Agrupa así a todos os centros tecnolóxicos galegos con recoñecemento estatal.

Os centros tecnolóxicos ATIGA ofrecen soporte científico-tecnolóxico a practicamente todos os sectores estratéxicos da economía galega: mar-industria, alimentación, metal-mecánico, naval, automoción, aeronáutico, transporte, TIC, audiovisual, acuicultura, biotecnoloxía, sanitario, turismo, enerxético, químico e educativo.

Un dos obxectivos desta alianza tecnolóxica intersectorial é a participación conxunta en grandes proxectos consorciados así como en plataformas e foros tecnolóxicos, á vez que propiciar maiores oportunidades de actuación co fin de impulsar a competitividade e a excelencia tecnolóxica das empresas galegas.

QUINTO

Os centros tecnolóxicos ATIGA aportan soporte científico á maioría dos sectores estratéxicos da economía galega, actuando como referencia tecnolóxica do tecido produtivo galego, especialmente das EMPRESAS, e impulsando a súa tecnificación e internacionalización.

A Xunta de Galicia aposta por unha innovación aberta, que promova a cooperación e a transferencia de resultados dos centros tecnolóxicos ao mercado. Neste sentido considera prioritario seguir identificando, en colaboración con ATIGA, oportunidades aceleradoras de proxectos concretos que permitan aproveitar as oportunidades da Axenda de Competitividade Galicia: Industria 4.0.

Tendo en conta o anterior, o IGAPE e ATIGA comparten un interese común en impulsar un novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento e apostando pola transferencia real de resultados de investigación ao tecido empresarial, reforzando así o papel tractor dos seus centros tecnolóxicos asociados como axentes dinámicos e flexibles con fortes capacidades en investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación, con cultura emprendedora e creativa e capacidade de acompañar ás empresas nos procesos de industrialización avanzada e favorecer coa súa labor a capitalización do coñecemento e a xeración de valor.

SEXTO

O obxectivo do convenio entre IGAPE, ATIGA e os centros ATIGA de elaborar un estudio xeral con informes sectoriais que permitan coñecer as mellores oportunidades das empresas galegas para abordar un proceso axeitado e acelerado de reindustrialización e modernización industrial acorde en cada caso co nivel de partida e as oportunidades tecnolóxicas mais coherentes con esa situación para o desenvolvemento de negocio industrial no futuro, concorda especificamente coas funcións nucleares de ATIGA, ofrecendo esta Asociación a vía única directa de acadar os mellores resultados xa que asegura:

- O coñecemento dos sectores en Galicia.
- A capacidade tecnolóxica e o coñecemento das tendencias da Industria do futuro.
- O coñecemento das necesidades das Empresas galegas en canto á implementación de sistemas tecnolóxicos de diverso tipo.

Mediante esta colaboración, ATIGA e os centros ATIGA poderán aumentar a súa capacidade de levar a cabo os seus fins, que se traducirá ao mesmo tempo nunha mellora da competitividade do tecido industrial galego.

Tendo en conta estas consideracións, o IGAPE, ATIGA e os centros ATIGA levaron a cabo durante 2017 e presentaron o 20 de marzo de 2018, de forma conxunta, a realización do análise e detección de oportunidades específicas para as empresas, en función da situación de partida e das características do sector de actividade en que se enmarca, establecendo as recomendacións xerais e específicas para o tecido empresarial. Este primeiro informe de “Oportunidades Industria 4.0 en Galicia” foi evaluado moi positivamente polo tecido empresarial e axudou ás tomas de decisión por parte da Administración Autonómica no apoio á Industria 4.0.

Preténdese agora con este convenio actualizar o traballo realizado para dispor duns novos informes de oportunidades Industria 4.0 que reflexen a evolución neste eido.

Dada a especificidade do obxecto do convenio e as especiais características de ATIGA como a alianza tecnolóxica intersectorial de Galicia que aglutina aos centros tecnolóxicos galegos con recoñecemento estatal, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento do mesmo.

Este convenio tramítase de conformidade co disposto na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, quedando condicionada a súa eficacia ata a existencia de crédito adecuado e suficiente.

Por todo o que antecede, ATIGA e o IGAPE están interesados en colaborar para a consecución dos obxectivos comúns nas materias ás que se fai mención nos expositivos precedentes e, para ese efecto, subscriben o presente Convenio de Colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular as condicións de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), a Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia (ATIGA) e os centros ATIGA para a realización da actividade de interese común que se detalla no **Anexo I** e que se resumen no seguinte:

- Actualización dos estudos de oportunidades, enfoque da estratexia tecnolóxica e proposta de recomendacións e actuacións específicas.
- Os resultados deberán obterse desagregados sectorialmente.
- Dentro de cada sector, estableceranse as diferentes posibilidades e opcións de modernización e tecnificación, en función das características das empresas e os niveis de desenvolvemento tecnolóxico-industrial de partida.

A tal fin, deberase traballar de xeito conxunto con empresas e entidades asociativas de cada un dos sectores obxectivo.

Estas actividades permitirán coñecer as follas de ruta recomendadas as empresas en coherencia coas características básicas de cada peme e dentro do sector de actividade que corresponda. Asemade, esta análise permitirá a ATIGA e aos centros ATIGA incrementar os coñecementos necesarios para a adecuada preparación e xestión de proxectos para a industria galega nos programas estatais ou europeos, co fin de que os seus centros e as empresas galegas melloren o seu posicionamento, participación, liderazgo e posibilidades de obter financiamento nos citados programas.

SEGUNDA: IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA

Motívase a utilización da figura do convenio de colaboración considerado no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e as razóns que impidan a concorrência da oferta e exclúan a celebración dun contrato administrativo, xa que non existe en Galicia outro axente que cumpra as características seguintes:

O estudo de oportunidades para a peme galega cara á modernización industrial e a industria 4.0, desde un punto de vista multisectorial, especialmente tecnolóxico e resultando nunha cobertura xeral e desagregada, necesita da colaboración dun axente que aúne o coñecemento tecnolóxico co dos sectores, coa neutralidade desexable para obter un resultado que dirixa tamén o apoio posterior da administración pública.

Dentro do panorama das entidades sen fin de lucro especializadas nos sectores industriais galegos e con especial coñecemento da tecnoloxía e as tendencias tecnolóxicas e industriais, ATIGA é a única entidade que aúna historial en todos estes aspectos sendo ademais a alianza que agrupa a todos os centros tecnolóxicos galegos con recoñecemento estatal.

Xunto coa experiencia, especialización, os propios medios agrupados na entidade (os 6 centros tecnolóxicos galegos), xustifican a imposibilidade de promover a concorrência pública e implican vantaxes e sinerxías así como a axeitada dinámica e axilidade para o IGAPE ao manter unha relación colaborativa fluída, eficiente e sinérxica cun só actor.

Por outra banda, mediante este convenio o IGAPE non encomenda unha xestión de servizos a ATIGA, senón que expón un marco de colaboración no que une as dúas experiencias e eidos de competencias de cadaquén para conseguir un fin común de interese público como é o de dispor das oportunidades tecnolóxico-industrial mais vantaxosas para cada sector e perfil de empresa. Esta é a canle axeitada, rigorosa e segura a través da colaboración leal e profesional entre os asinantes.

E esta idea de colaboración na consecución do fin común de análise e detección de oportunidades cara á industria 4.0 no tecido produtivo galego a que fundamenta a subscripción deste instrumento.

TERCEIRA: ACTUACIÓNS CONXUNTAS DO CONVENIO.

O alcance do convenio estenderase ás actividades necesarias para a execución do estudo de oportunidades para a peme galega cara á modernización industrial e a industria 4.0, que serán as descritas no anexo I.

A lista de sectores produtivos ou ámbitos de negocio, cuxa mellora competitiva está aliñada coas prioridades sectoriais de desenvolvemento da Xunta de Galicia e sobre os que se realizará o estudo será a seguinte:

1. Agroalimentación e Bio
2. Automoción
3. Madeira / Forestal
4. Naval
5. Metalmecánico
6. Textil / Moda
7. Aeronáutico
8. TIC
9. Enerxías Renovables
10. Pedra Natural

Os entregables do traballo serán os seguintes:

Primeiro semestre de 2020:

1. Informe de Estado da Arte por Sector e benchmarking internacional (Entregable 1)

Primeiro trimestre de 2021::

2. Diagnóstico por sector (Entregable 2)
3. Resumo Executivo Sintético (Entregable 3)

Realizaranse polo menos dous actos de comunicación pública:

- Primeiro acto: nos primeiros sete meses de 2020, tras a execución do primeiro entregable.
- Segundo acto: nos primeiros tres meses de 2021, de cara a difusión do traballo no tecido produtivo.

A titularidade da propiedade dos resultados obtidos como consecuencia das actuacións do convenio será compartida entre o IGAPE e ATIGA, de forma que calquera das partes poderá facer uso dos resultados para os seus propios fins. A difusión pública de resultados farase de forma consensuada durante o prazo de vixencia do convenio, e será libre para calquera das partes unha vez finalizado este prazo.

CUARTA: GASTOS ATENDIBLES

Con carácter xeral considéranse gastos atendibles aos efectos do Convenio, aqueles que de xeito indubitado responden á natureza das actividades e fins do convenio.

Requisitos dos gastos con cargo ao Convenio:

1. Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata o 31 de marzo de 2021.
2. O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto atendible cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que se acredite a exención e consecuentemente non resulte recuperable para ATIGA ou para os Centros Tecnolóxicos asociados que realicen unha determinada tarefa.
3. Todos os gastos externos deben ser sometidos a aprobación do IGAPE antes da súa contratación.
4. Será obrigatorio presentar 3 orzamentos para todos aqueles gastos externos superiores a 9.000 € + IVE e xustificar a selección do proveedor en caso de non ser o máis económico.
5. Os gastos nos que incorra ATIGA o os centros ATIGA serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, sen que en ningún caso a contribución do IGAPE aos fins do convenio xunto coas outras cantidades superen o 100% do gasto incorrido.
6. Todos os gastos externos xustificados por ATIGA ou polos centros ATIGA deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificadas, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.
7. O IGAPE farase cargo dun máximo dun 70% dos gastos totais das actividades obxecto do convenio, correspondendo o 30% restante á aportación de ATIGA ou os seus Centros Tecnolóxicos asociados. Os gastos clasificaranse en:
 - a. Custos de persoal de ATIGA ou dos Centros Tecnolóxicos asociados, en base a nóminas pagadas e certificado de dedicación ao proxecto.
 - b. Desprazamentos e aloxamentos de relatores, e persoal de ATIGA ou dos Centros Tecnolóxicos asociados, cando proceda.
 - c. Remuneración de expertos
 - d. Gastos externos contratados por ATIGA, aprobados polo IGAPE, que respondan indubitablemente á realización das actividades e fins do convenio.

QUINTA.- COMPROMISOS DO IGAPE

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o IGAPE contribuirá cun máximo de 325.000 € con cargo á partida orzamentaria **09.A1 741A 6403** para os anos 2020 e 2021. O anexo II “Memoria Económica” detalla esta contribución.

PARTIDA	2020	2021	TOTAL
09.A1 741A 6403 (2020 00005)	260.000,00 €	65.000,00 €	325.000,00 €

ATIGA e os centros ATIGA carecen de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.

- ❖ IGAPE comprométese a colaborar e dar o visto e prace, no seu caso, aos traballos de análise, a través da Comisión de Seguimento prevista na cláusula NOVENA, sobre as propostas realizadas por ATIGA.
- ❖ No marco desta colaboración, o IGAPE difundirá o proxecto a través das canles que, estando ao seu alcance, considere oportunos.

SEXTA.- COMPROMISOS DE ATIGA

- ❖ ATIGA e os centros ATIGA comprométense a organizar a execución dos traballos en estreita colaboración co IGAPE, na súa totalidade, acordando co IGAPE o seu contido e plan de traballo, e aportando un 30% dos gastos do proxecto, con un máximo de 139.285,71 €.
O anexo II “Memoria Económica” detalla esta contribución.
- ❖ ATIGA asumirá calquera maior gasto que se poida derivar da execución do proxecto, de xeito que a contribución do IGAPE non supere a indicada na cláusula quinta.
- ❖ ATIGA comprométese a propoñer ao IGAPE calquera aspecto da execución dos traballos, que o IGAPE deberá aprobar antes de levar a cabo as actividades do convenio. Este proceso de proposta e visto bo levarase a cabo a través da Comisión de Seguimento do convenio.
- ❖ ATIGA será responsable da coordinación e interlocución coas empresas, clusters e outras entidades de cada sector co fin de captar a información necesaria para a elaboración dos traballos.
- ❖ Os entregables definidos na cláusula terceira serán avaliados polo IGAPE en canto á súa aplicación aos seus fins específicos expresados neste convenio, propoñendo a ATIGA a subsanación dos mesmos, no seu caso. A imposibilidade técnica de obter calquera dos entregables levará a unha dedución do importe máximo do convenio proporcional ao traballo finalmente non executado, segundo as cantidades consignadas na memoria económica.
- ❖ ATIGA responsabilizarase da organización dos actos públicos de comunicación previstos na cláusula terceira, un tras a execución do primeiro entregable, sempre dentro dos primeiros 7 meses de 2020 e o segundo ao remate dos traballos e xeración dos entregables 2 e 3.
- ❖ ATIGA deberá dedicar ao proxecto un equipo técnico coa suficiente formación e experiencia, tendo en conta cada unha das tarefas a realizar. Este equipo técnico deberá ser aprobado pola Comisión de Seguimento na súa configuración inicial e en calquera modificación posterior.
- ❖ En calquera punto dos traballos a realizar poderá participar persoal do IGAPE.

SÉTIMA.- PAGAMENTO DA CONTRIBUCIÓN DO IGAPE

A contribución do IGAPE será aboada contra certificacións (máximo unha trimestral) de ATIGA, comprensivas dos gastos incorridos. A data límite de xustificación en 2020 será o 31/10/2020, e en 2021 será o 31/5/2021. A data límite de pago será o 31/8/2021.

As certificacións, segundo modelo do Anexo III virán acompañadas de:

1. Memoria dos traballos realizados e documentación definida no convenio como “entregable”, que virá acompañada dunha base de datos en soporte informático que inclúa da totalidade das enquisas realizadas por ATIGA no transcurso dos traballos.
2. Memoria económica xustificativa do 100% do custo das actividades realizadas no período:

- ❖ Relación clasificada dos gastos externos presentados para cada actuación, con identificación do acredor e do documento, seu importe, data de emisión e data de pago.
- ❖ Xustificación dos gastos externos: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior.
- ❖ Nóminas pagadas, gasto de seguridade social e importes retidos en concepto de IRPF e certificado de dedicación emitido por ATiGA ou polo Centro Tecnolóxico asociado responsable da asignación das persoas ao proxecto. Para a imputación dos gastos de persoal ao proxecto, ATiGA deberá realizar, con anterioridade á execución do convenio, a imputación de persoal propio e de persoal dos Centros Tecnolóxicos asociados ás actividades obxecto do convenio, indicando as porcentaxes de dedicación previstas, e así mesmo, na fase de xustificación, deixará constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores/as imputables ao proxecto, explicitando as súas dedicacións horarias, en documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada, e acompañada dos correspondentes partes de traballo.
- ❖ Seguridade social do período que se alega: Documento/s de Relación nominal de traballadores e Documento/s de Cálculo da Liquidación e os correspondentes xustificante/s de pago.
- ❖ Importes retidos IRPF do período que se alega: Modelo/s 111 e os correspondente/s xustificante/s do seu ingreso na AEAT.
- ❖ Certificación de achegas concorrentes públicas ou privadas para a realización dos traballos xustificadas.
- ❖ Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que ATiGA e todos os Centros Tecnolóxicos asociados que dediquen persoal e outros gastos ás tarefas necesarias para o obxecto do convenio, están ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma. Alternativamente, poden remitir *autorización para que a Xerencia do IGAPE realice estas consultas polos seus propios medios*.
- ❖ Declaración expresa de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades obxecto da colaboración *non teñen vinculación societaria empresarial* con ela.
- ❖ No caso de estar *exento do imposto sobre o valor engadido (IVE)*, documentación acreditativa da mencionada exención. Este certificado só será necesario presentalo na documentación xustificativa para proceder ao primeiro pagamento.
- ❖ Declaración responsable da titularidade da *conta bancaria* onde se debe realizar o pagamento, segundo o anexo IV deste convenio.
- ❖ Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio

Requisitos:

- Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- Cando o importe do gasto externo supere a contía de 9.000 € + IVE no suposto de subministracións de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, ATiGA deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores sen que entre eles poida existir vínculo societario, laboral ou de calquera índole de dependencia, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. No suposto mencionado anteriormente, a elección entre as ofertas

presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Asemade en calquera de ámbolos supostos precisarase polo menos a aprobación ex ante do IGape deses gastos e ulterior xustificación e ratificación no comité de seguimento do convenio.

O IGape abonará directamente a ATiGA e aos Centros Tecnolóxicos asociados o 70% dos custos xustificadas en función do orzamento de cada un deles. Na última xustificación correspondente ao convenio, farase o axuste final cara a que a contribución do IGape sexa do 70% dos custos totais, sen superar a achega máxima total prevista.

Procederá a minoración das contribucións cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio non acaden os importes dos gastos xustificables e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto, de acordo co establecido na cláusula Sexta de compromisos de ATiGA.

Considerarase unha execución deficiente do proxecto aquela na que non se obteñan polo menos un 50% dos entregables pedidos, ou ben estes carezan da suficiente calidade a xuízo da Comisión de Seguimento do convenio. Neste caso, resolverase o convenio e ATiGA ou os centros tecnolóxicos asociados deberán reintegrar, no seu caso, as cantidades xa percibidas pola execución parcial do mesmo.

ATiGA e os Centros Tecnolóxicos asociados que realicen actuacións ao abeiro do presente convenio, manterán a disposición do IGape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.

OITAVA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o efectivo cumprimento das obrigas que asumen as partes no mesmo e, en todo caso, ata o 30 de decembro de 2021. O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

NOVENA .- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase una Comisión Mixta de Seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes do IGAPE, un representante de ATIGA e un representante dos centros pertencentes a ATIGA, que se reunirá regularmente unha vez cada mes en sesións ordinarias e a petición dunha das partes se se desen circunstancias extraordinarias que así o aconsellaran. A citada Comisión estará presidida por un dos representantes do IGAPE que terá voto de calidade, agás en decisións de adxudicación ou contratación que impliquen condicións gravosas para ATIGA que se tomarán por unanimidade. Poderá asistir, sen voto, un técnico para levantar acta das sesións.

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, tendo que autorizar previamente todos os gastos externos xustificables ao abeiro deste Convenio.

A Comisión exercerá tamén as funcións de aprobación dos plans de traballo, os resultados obtidos e calquera outro detalle de organización relevante, ás que se refire a cláusula SEXTA do convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DECIMA.- MODIFICACIÓNS.

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

UNDÉCIMA.- PUBLICIDADE.

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicarán no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial o importe da contribución económica ao amparo deste convenio e a entidade destinataria desta; e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia desta puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

ATIGA e os Centros Tecnolóxicos asociados a ela deberán subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro,

de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

DUODÉCIMA.- RESPONSABILIDADE.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o IGAPE, de tal xeito que non se poderá esixir a este Instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- AUTORIZACIÓNS.

ATIGA e os Centros Tecnolóxicos asociados a ela consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese a autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo Igape non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo Igape, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade con seu artigo 6, e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ambas partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio.

En caso de conflito, ambas partes acordan someterse á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- NORMATIVA APLICABLE.

Para todo o non previsto neste convenio aplicárase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola

que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo **Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)**:

Francisco José Conde López

Pola **Asociación Centros Tecnolóxicos de Galicia (ATIGA)**:

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa

Pola **ANFACO-CECOPESCA**:

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa

Pola **Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste (AIMEN)**:

Jesús Ángel Lago Gestido

Polo **Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG)**:

Luis Eulogio Moreno Diéguez

Polo **Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (GRADIANT)**:

Luis Pérez-Freire

Polo **Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostenibilidade Enerxética (ENERGYLAB)**:

Juan Ignacio Rodríguez Fernández-Arroyo

Polo **Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG)**:

Carlos Calvo Orosa

ANEXO I: Descripción dos traballos a realizar

O obxectivo principal do presente convenio é a actualización do estudo “Oportunidades Industria 4.0 en Galicia”, presentado en marzo de 2018, xunto coa proposta de recomendacións e accións específicas sectoriais, referidos a un total de 10 sectores industriais de Galicia identificados coma estratéxicos polos distintos plans de referencia públicos.

1. Agroalimentación e Bio
2. Automoción
3. Madeira / Forestal
4. Naval
5. Metalmecánico
6. Textil / Moda
7. Aeronáutico
8. TIC
9. Enerxías Renovables
10. Pedra Natural

O número aproximado de enquisas a realizar a empresas nos distintos sectores será de 355, repartidas nos sectores previamente identificados e tendo en conta o diferente peso de cada sector obxecto do estudo na economía galega en termos de P.I.B. Dentro de cada sector, unha parte das enquisas realizarase de xeito presencial e outra de forma telemática. Esta última modalidade non superará o 50% das enquisas realizadas, salvo que circunstancias sobrevidas no estudo así o aconsellen e que sexa aprobado pola comisión de seguimento do convenio. Para favorecer a continuidade e comparabilidade do estudo, manterase un amplo núcleo das empresas que participaron na primeira entrega do estudo.

O novo traballo revisará e actualizará as tecnoloxías emerxentes referenciadas no premer estudo (automatización e robótica avanzada e colaborativa, human machine interaction, fabricación aditiva, tecnoloxía de materiais intelixentes, fabricación sustentable, sistemas ciberfísicos e IoT, big data, cloud computing e data analytics, safety & security, loxística avanzada e modelización, simulación e virtualización de procesos). Como exemplo de incorporación de novas tecnoloxías no estudo cabe mencionar a Intelixencia Artificial ou o Blockchain.

O detalle de cada un dos bloques de entregables será orientativamente o seguinte:

- **Estado do Arte por Sector:**
 - Descrición xenérica de cada unha das tecnoloxías consideradas
 - Actualización / inclusión das aplicacións por sector de cada tecnoloxía emerxente incluíndo: exemplos de aplicación, mellora lograda, ubicación da mesma. Avances respecto ao EA previo.
 - Rexións internacionais de interese e aplicacións destacadas nas tecnoloxías críticas para o sector.
 - Conclusións: retos e perspectivas a medio e longo prazo.
 - Ficha resumo por sector das tecnoloxías relevantes en cada caso.
- **Diagnóstico e Oportunidades por Sector:**
 - Nivel tecnolóxico actual
 - Evolución nivel tecnolóxico respecto ao anterior estudo
 - Gap tecnolóxico respecto a mellores prácticas
 - Listado de oportunidades detectadas e ficha por oportunidade
 - Segmentación do informe de oportunidades para: líderes, empresas intermedias e menos avanzadas.
 - Priorización de oportunidades no curto e medio prazo
 - Estratexias de implantación 4.0
 - Conclusións por Sector: resumo dos puntos clave identificados

Adicionalmente, elaborárase un **resumo executivo sintético** que de xeito transversal e de forma visual mostre as principais conclusións dos traballos.

Cabe destacar **metodoloxicamente**, os seguintes aspectos deste estudo:

Usaranse múltiples fontes de información para a obtención de información:

- **Nivel tecnolóxico / situación actual:**
- En todos los sectores realizaranse:
- Enquisas directas / presenciais a empresas (tanto grandes como pemes de todos os niveis de madurez tecnolóxica)
- Enquisas telemáticas a empresas (tanto grandes como pemes de todos os niveis de madurez tecnolóxica)
- Entrevistas a clústeres e asociacións empresariais representativas
- **Mellores Prácticas:**
- Investigación Primaria:
- Reunións con grupos de expertos sectoriais / tecnolóxicos
- Visitas directas a seminarios, congresos, xornadas, ... ligados a aplicación das tecnoloxías consideradas
- Investigación Secundaria:
- Recopilación interna aos centros
- Recopilación externa (bases de datos, informes,)

Con vistas a maximizar o atractivo e facilitar a lectura e acercamento das empresas e demais axentes interesados, porase o **foco na preparación, uso e distribución de formatos de documentos mais sintéticos e atractivos** (exemplos: ficha resumo por sector de tecnoloxías, resumo executivo sintético,...).

De cara a **reducir o coste en termos de esforzo polas empresas participantes** optimizarase a extensión do cuestionario, de xeito que este mais orientado a obter información crítica co respecto a implementación do 4.0 e apoiándose na dispoñibilidade de datos previos que supuxo o premer estudo realizado.

Estruturalmente, as principais actividades en que se divide o traballo son as seguintes:

- Actualización das tecnoloxías emerxentes a considerar
- Actualización do estado do arte e enfoque a sector do mesmo
- Axuste e optimización do cuestionario para as enquisas de cara a lograr maior efectividade con menor esforzo da parte das empresas
- Execución de enquisas e entrevistas
- Elaboración de informes e conclusións

A difusión do proceso de elaboración dos estudos, así como dos resultados obtidos, será unha tarefa transversal ao proxecto, para a que se organizarán 2 actos públicos cos principais axentes interesados (empresas, clúster, grupos de investigación, asociacións, etc.) ao longo do período de vixencia do convenio. Preferentemente, un en paralelo a posta en marcha / lanzamento do estudo e outro ao final do estudo relacionado coa difusión das conclusións.

Promoverase activamente a participación dos Centros de Investigación dependentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Así mesmo, con respecto aos mecanismos de colaboración cos clústeres e asociacións empresariais máis representativas é importante sinalar que se lles proporá a súa participación aos seguintes niveis:

- Compartición dos obxectivos e apoio para o acceso ás empresas do seu sector, así como para solicitar a súa valoración e perspectiva xeral sobre o nivel tecnolóxico actual das empresas
- Posta en común das conclusións por cada sector e presentación pública e difusión dos resultados. No seu caso, posta en común de próximos pasos

Como resultado da correcta elaboración deste estudo, o IGAPE e a Consellería de Industria poderán:

- Coñecer de forma rigorosa e profunda a evolución tecnolóxica das empresas galegas, desde unha perspectiva múltiple (os centros, as empresas, os expertos, as asociacións,...)
- Dispor dun mapa de mellores prácticas segmentado e aliñado coa análise de situación actual que propoña medidas para unha folla de ruta tanto a curto como a medio prazo, para mellorar a competitividade das empresas desde a perspectiva industria
- Dispor dun abanico de oportunidades de mellora segmentado
- Orientar e priorizar de forma máis axustada as súas políticas de apoio ás empresas e ao I D i galego no que se refire a Industria 4.0
- Fomentar a colaboración transversal entre o subsistema galego de xeración e difusión de coñecemento e o de aplicación e explotación do mesmo
- Potenciar a mensaxe da importancia da innovación para facer máis competitivas ás empresas
- Axudar ao proceso de internacionalización do I+D+i galego, na medida que se establecen pontes e contactos con outras rexións europeas punteiras
- Indirectamente, axudar tamén a identificar e pór a disposición das empresas oportunidades concretas para dar máis pasos no camiño da súa internacionalización

ATiGA utilizará os resultados dos traballos para:

- Actualizar o coñecemento polo miúdo dos sectores produtivos galegos e das súas capacidades, que permita optimizar o tempo de preparación de proxectos de innovación nos que participen empresas galegas.
- Identificar e priorizar conxuntamente coas empresas oportunidades de mellora de base tecnolóxica
- Fomentar e apoiar a todo o tecido produtivo na posta en marcha dunha folla de ruta encamiñada á mellora da competitividade vía o I+D+i
- Difundir o rol e as posibilidades que os centros tecnolóxicos galegos ofrecen ás empresas
- Reforzar o seu posicionamento como socios esenciais deste tipo de proxectos e expertos na consecución de financiamento para o I+D do tecido producido galego.

Especificación de fases do proxecto e fitos de comunicación:

AtiGA		Periodo execución de la fase												
ALIANZA TECNOLÓGICA INTERSECTORIAL DE GALICIA		Periodo execución de la tarea												
		Hitos difusión estudio												
		ene-20	feb-20	mar-20	abr-20	may-20	jun-20	jul-20	ago-20	sep-20	oct-20	nov-20	dic-20	ene-21
I. Elaboración ESTADOS del ARTE por Sector														
II. Ejecución del estudio:														
a. Preparación cuestionarios y estructura informes														
b. Ejecución entrevistas														
c. Análisis y elaboración informes por sector														
d. Análisis y elaboración resumen ejecutivo														
Difusión Estudio:														

Eventos de comunicación previstos:

Para alcanzar a mellor relación posible entre eficacia (logro de eventos interesantes para a audiencia) e eficiencia (consumo de recursos) establécese que:

Os 2 eventos presenciais e públicos previstos (conforme a texto de convenio) sexan o primeiro á par da posta en marcha das entrevistas (no primeiro semestre de 2020) e o outro para difundir os resultados (no primeiro trimestre de 2021).

No primeiro evento público presentarase as conclusións dos EAs e farase chamada a participar na fase de entrevistas (en función dos ocos dispoñibles)

No segundo evento público presentarase as conclusións xerais do estudio + publicación informes

Lanzamento do estudio: dado que a intención é que as empresas que participen sexan en gran parte as mesmas que xa participaron no estudio inicial propónse que ao arranque dos traballos do estudio (previsto feb 2020) se realice unha comunicación mais centrada nesa audiencia, para o que o groso da comunicación será personalizada (para esas empresas participantes) e privada e irá destinada a convencer a esas empresas de que volvan a participar. Adicionalmente comunicarase tamén (fundamentalmente por medios electrónicos) o inicio do estudio para dar conta do mesmo.

ANEXO II: Memoria económica

Este convenio tramítase de conformidade co disposto na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, quedando condicionada a súa eficacia ata a existencia de crédito adecuado e suficiente.

Con respecto ao orzamento dedicado, tendo en conta ás accións recollidas no presente convenio e o seu alcance, estímase os custes que se detallan a continuación.

O obxectivo do convenio repártese en 3 paquetes de traballo que contan cunha estimación orzamentaria propia, a saber:

1. **Coordinación técnica do proxecto**, que inclúe:
 - Establecer planificación global e fitos do proxecto
 - Control e seguimento do proxecto en xeral
 - Unificar criterios e velar polo cumprimento da planificación
 - Resolver posibles dúbidas ou cuestións entre os participantes
 - Interlocución co IGAPE
2. **Consultoría e recompilación da información** de cada un dos 10 sectores identificados, que inclúe:
 - Elaboración do estado do arte
 - Preparación da execución de enquisas
 - Execución de enquisas e entrevistas
 - Elaboración de informes e conclusións
3. **Publicidade e difusión do estudo e resultados e o seu financiamento:**
 - Definir plan e fitos de comunicación
 - Preparar soportes y materiais de comunicación
 - Executar a difusión planificada

As horas e a repartición das mesmas entre as distintas actividades buscan optimizar o gasto asegurando a calidade dos informes e a profesionalidade do estudo. A continuación explicitase o custo total estimado de cada un dos paquetes de traballo / principais actividades arriba definidos:

- **Consultaría e recompilación da información: 431.535,71€**
- **Coordinación técnica do estudo: 18.750€**
- **Publicidade e difusión do estudo e resultados e o seu financiamento: 14.000€**

Aos efectos da redución do importe máximo do convenio por imposibilidade técnica de obtención dalgún entregable, sinalada na cláusula 6ª, estímase a seguinte repartición entre os entregables definidos:

- **Informe do Estado do Arte por Sector (Entregable 1): 11.607,14 € por cada entregable** (1 por sector dos 10 considerados)
- **Informe Diagnóstico por Sector (Entregable 2): 30.874,99 € por cada entregable** (1 por sector dos 10 considerados)
- **Resumo Executivo (Entregable 3): 39.464,41 €** (1 só entregable)

Contando os tres paquetes de traballo o **orzamento total do proxecto** ascende a **464.285,71 €**, dos cales o IGAPE asumirá un 70% (325.000 €) e ATIGA un 30% (139.285,71 €).

O reparto estimado do orzamento total segundo a natureza das partidas incluídas será o seguinte:

	Presup. asignado (€)
Persoal	430.365,71 €
Gastos de desprazamento e dietas	19.920,00 €
Publicidade e difusión	14.000,00 €
	464.285,71 €

O reparto estimado do orzamento total entre os centros será como segue:

CTs	Totais:	% de Presup.
ANFACO-CECOPESCA	65.500,00 €	14,1%
CTAG	65.500,00 €	14,1%
EnergyLab	78.895,00 €	17,0%
AIMEN	78.895,00 €	17,0%
Gradiant	73.850,00 €	15,9%
ITG	68.895,71 €	14,8%
ATIGA	32.750,00 €	7,1%
Totais:	464.285,71 €	100,00%

Cabe apuntar que ATIGA será o coordinador do estudo, polo que a partida de Coordinación por importe de 18.750€ está incluída na súa asignación.

ATIGA tamén asumirá na súa partida orzamentaria ás tarefas de publicidade e difusión do estudo e resultados, valoradas en 14.000€.

Indicar que como criterio xeral de asignación de orzamento aos centros, utilizouse un criterio de esforzo en horas por cada parte implicada. Así, se parte do número de enquisas que coordina cada centro de forma delegada polo grupo e para o resto de actividades repártese por igual o orzamento estimado dado que se estima un esforzo equivalente.

ANEXO III CERTIFICACIÓN DE GASTOS

CONVENIO	IGAPE-ATIGA ESTUDIOS DE OPORTUNIDADES INDUSTRIA 4.0
-----------------	--

TITULAR: ATIGA/Centro

		DOCUMENTO XUSTIFICATIVO DE GASTO							DOCUMENTO DE PAGO					
Actuación (Paquetes de traballo)	Nº	Concepto de Gasto (Gastos atendibles)	Nº Factura/ Documento de referencia	Data	Medio / Proveedor	Descrición / Concepto (En gastos externo incluir a referencia á aprobación)	IMPORTE TOTAL	IMPORTE GASTOS IMPUTABLES AO CONVENIO	Tipo e Nº	DATA	IMPORTE	CONTA CARGO	ENTIDADE FINANCEIRA	XUSTIFI- CANTE/S PAGO

Don/Dona _____ con NIF nº _____, actuando en nome e representación da entidade Arriba indicada,

EXPÓN:

Que no período comprendido entre o _____ e o _____ incorreu en gastos que comprenden conceptos e importes atendibles no convenio de referencia por un importe de _____ euros. Os ditos gastos reflíctense fielmente na contabilidade da empresa.

Que para a tramitación desta certificación de gastos presenta a documentación requirida no convenio.

DECLARA:

Que os datos consignados nesta certificación son certos e que as copias dixitalizadas que se xuntan constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais. A falsidade do declarado determinará a imposibilidade de percibir, de ser o caso, os dereitos recoñecidos no procedemento administrativo desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.

E por todo iso,

SOLICITA:

Que lle sexa aboada á entidade arriba indicada o importe de _____ euros, ingresándose na seguinte conta bancaria: _____

_____, ----- de ----- de -----

(Sinatura do/a representante)

ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE TITULARIDADE CONTA BANCARIA

D/D^a _____ con DNI nº _____, actuando en nome e representación de Asociación de centros Tecnolóxicos de Galicia (ATIGA) / O centro tecnolóxico membro de ATIGA Correspondente

DECLARA:

que a seguinte conta bancaria, da ca é titular ATIGA / O centro tecnolóxico membro de ATIGA Correspondente é a especificamente designada aos efectos de cobramento da contribución do Igape ao obxecto do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica a Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia e os centros integrantes desta asociación para a detección e análise de oportunidades sectoriais para as empresas industriais galegas no viero da Industria 4.0.

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

_____, ____ de _____ de 20____
(Sinatura do/a representante)